



EXPTE: G2121/2025	RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
DEPARTAMENTO: Recursos Humanos	
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO: "Serra do Faro X" Tipo personal: MONITORAS/ES e ADMINISTRADOR/A	

DECRETO.-Aprobación de bases e convocatoria para a selección de 1 Monitor/a de Albanelaría, 1 Monitor/a de Xardinaría, 1 Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais, e 1 Administrador/a, para o Obradoiro Dual de Emprego "Serra do Faro X" – Concello de Chantada.

Vista a Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 228 do 25 de novembro de 2025.

Visto o artigo 11.1. da citada Orde, que sinala que *"A selección do persoal formador, directivo e de apoio que se contrate para a execución do proxecto que se vai poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante o procedemento que considere axeitado e atendendo á normativa vixente, tendo en conta as prioridades do proxecto, os itinerarios formativos e os criterios de igualdade e obxectividade."*

Vista a Resolución de 17 de abril de 2026, do Departamento Territorial de Lugo, do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se concede a subvención para o **obradoiro dual de emprego "Serra do Faro X"**, sendo a entidade promotora o Concello de Chantada. O proxecto formativo consta de tres Certificados de profesionalidade, con 20 alumnos/as traballadores/as en total, co seguinte desglose:

- EOCB0209: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1, con 7 alumnos-traballadores.
- AGAO0208: Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2, con 7 alumnos-traballadores.
- SCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2, con 6 alumnos-traballadores.

Vista a necesidade urxente de proceder á aprobación das bases e convocatoria para a selección de 1 Monitor/a de Albanelaría, 1 Monitor/a de Xardinaría, 1 Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais e 1 Administrador/a, para o Obradoiro Dual de Emprego "Serra do Faro X" – Concello de Chantada.

Vistos os antecedentes e demais normativa de aplicación, esta Alcaldía **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias previamente delegadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Aprobar as bases e a convocatoria para a selección de 1 Monitor/a de Albanelaría, 1 Monitor/a de Xardinaría, 1 Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais, e 1 Administrador/a, para o Obradoiro Dual de Emprego "Serra do Faro X" – Concello de Chantada, que figuran como Anexo a este acordo.

TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución o Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á Oficina de Emprego de Chantada, ao Concello de Taboada e ao Concello de Carballedo, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar as bases de selección na páxina web do Concello de Chantada, no taboleiro de anuncios do Concello de Chantada e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Chantada.





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

QUINTO.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local e ao Pleno do Concello de Chantada, na seguinte sesión que se celebre.

Chantada, a data da sinatura dixital.
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,
O Alcalde, D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña

Fiscalizado e Conforme,
A interventora,
Asdo. María Yebra-Pimentel López

"ANEXO:
BASES PARA A PROVISIÓN DO PERSOAL DOCENTE DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
"SERRA DO FARO X"
CONCELLO DE CHANTADA

PRIMEIRA.-OBJECTO.-

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigo 11 da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 228 do 25 de novembro de 2025, establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal formador e de apoio que participará no obradoiro dual de emprego "**Serra do Faro X**", promovido polo **Concello de Chantada** e subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Postos convocados, tendo en conta as especialidades formativas que se van impartir no obradoiro dual de emprego, as prazas son:

- ✓ 1 Monitor/a de albanelaría
- ✓ 1 Monitor/a de xardinaría
- ✓ 1 Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais
- ✓ 1 Administrador/a

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS DE TRABAJO.-

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora coas persoas candidatas seleccionadas terán carácter temporal, por un período de nove meses, e serán a xornada completa.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 11.1. da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, "*A selección do persoal formador, directivo e de apoio que se contrata para a execución do proxecto que se vai poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante o procedemento que considere axeitado e atendendo á normativa vixente, tendo en conta as prioridades do proxecto, os itinerarios formativos e os criterios de igualdade e obxectividade.*"

TERCEIRA.- FUNCÍONS DO POSTO DE TRABAJO.-

3.1.- Monitores

- Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

- Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no Traballo.
- Serán os responsables de imparti-lo ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van a impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.
- Colaborarán co director na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.
- Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.
- Elaborarán nas datas e forma que o Director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
- Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos, e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao Director do Obradoiro de emprego.
- Colaborarán coa Dirección nos labores de titoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.
- Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos materiais, maquinaria e ferramentas propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola Dirección do Obradoiro de emprego. Trimestralmente, a petición da Dirección, realizarán un inventario dos medios do obradoiro, no prazo e forma que se esixa.
- Serán os encargados de organizar os diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas produtivas a realizar polo seu obradoiro.
- Realizarán aqueles traballos xerais e inclusive os que supoñan un especial empeño e delicadeza, que lle sexan encomendados pola Dirección na execución das tarefas produtivas do Obradoiro de emprego.
- Fomentarán e participarán activamente en tódalas iniciativas de creación de emprego.
- Serán responsables directos nos aspectos prácticos - produtivos das persoas alumnas traballadoras que estean ao seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.
- Será o encargado de impartir o ensino teórico das especialidades dos obradoiros, e se fose preciso, o ensino correspondente ao programa de formación empresarial e búsqueda de emprego. Encargarase, si a Dirección o considera necesario, da supervisión das obras.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

3.2. - Administrador/a

- Será o encargado de realizar os contratos laborais, nóminas de salarios, afiliación, liquidacións e cotización á Seguridade Social, transferencias, control de facturas e albarás, confección de documentos e manexo das aplicacións informáticas precisas, na forma e prazos adecuados.
- Realizarán a base de datos e o arquivo do Obradoiro, tanto de persoal como dos medios, e será o encargado da obtención e confección dos datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos, abastecementos, etc...
- Impartirá o módulo de iniciación a informática ás persoas alumnas traballadoras.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

- Impartirá o módulo de inserción laboral e técnicas de búsqueda de emprego ós alumnos traballadores.
- Calquera outra función propia do seu cargo que lle encomende a Dirección

CUARTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.-

4.1.- Requisitos xerais

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.
- Estar en posesión da titulación e experiencia que se esixe para cada posto, ou en condicións de obtela na data na que se realice a sondaxe.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas na base terceira.

4.2.- Requisitos específicos que deben cumprir as persoas candidatas a docente.

Os candidatos e as candidatas a docente, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como o se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente. Este cumprimento implica que os docentes debe reunir **UN** dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, enxeñeiro ou enxeñeira arquitecto ou arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de formación profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixirase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudio contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, debe dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real Decreto.
- Pertencer as especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, 4 anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións ,dispostas no artigo 168.5 do citado Real Decreto.

Non será esixible, como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requira que figura en cada un dos reais decretos polo que se establece cada Certificado de Profesionalidade.

4.3.- Requisitos de titulación e experiencia profesional para cada un dos postos

- **Monitor/a de Albanelaría :**
- Albanel. Necesario a acreditación de ter unha experiencia profesional mínima de 48 meses na ocupación.
Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes,

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. Técnico e Técnico Superior da familia profesional de Edificación e Obra Civil. Certificados de Profesionalidade de nivel 2 e nivel 3 da familia profesional de Edificación e Obra Civil.

- **Monitor/a de Xardinaría:**
- Xardineiro. Necesario a acreditación de ter unha experiencia profesional mínima de 48 meses na ocupación.
- Enxeñeiro Agrónomo ou Enxeñeiro de Montes, Licenciado en Bioloxía, Enxeñeiro Técnico Agrícola ou Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias, Técnico Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Xardinería, Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de agraria e da área profesional de xardinería.
- **Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais:**
- Dispoñer do título de grao universitario, de Licenciado en Medicina, Diplomado en Enfermería, Licenciado en Psicoloxía ou Psicopedagogía, Diplomado en Traballo Social, Diplomado en Educación Social, Técnico Superior en Integración Social, Técnico Superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e a Comunidade.
- **Administrador/a:**
 - Estar en posesión dunha das seguintes titulacións: Diplomado ou Licenciado en Empresarias ou Licenciado en Ciencias Económicas ou Diplomado en Relacións Laborais, e unha experiencia mínima de 12 meses coa titulación.

QUINTA.- BAREMO

1.- Méritos

1.1 Monitores

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

l) Experiencia profesional / docente:

- Experiencia como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, na especialidade formativa obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 2 puntos.
- Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 3 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 5 puntos.

O período mínimo de experiencia esixido polo Real decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

CONCELLO DE CHANTADA





A experiencia profesional acreditarase:

1. no caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases.
2. no caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
3. no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos realizados:

- ✓ Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.
- ✓ Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.
- ✓ Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, nos que necesariamente deberán figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso, nin xornadas, congresos, simposios...

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2 puntos

III) Coñecementos de lingua galega:

- ✓ Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

1.2. Méritos Administrador/a

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

I) Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en funcións administrativas en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 2





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

puntos.

- Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego, en postos de traballo e coa categoría profesional como grupo 5 da vida laboral: 0,25 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos, ata un máximo de 3 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 5 puntos.

O período mínimo de experiencia esixido que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- ✓ No caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases.
- ✓ No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- ✓ No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos realizados:

- ✓ Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.
- ✓ Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.
- ✓ Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, nos que necesariamente deberán figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso, nin xornadas, congresos, simposios...

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2 puntos

III) Coñecementos de lingua galega:

- Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.





2.- Proba de aptitude e/ou coñecementos.

Unha vez valorados os méritos pasarase a realización dunha proba de aptitude e/ou coñecementos coas persoas candidatas coa finalidade de determinar as súas destrezas profesionais e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado.

A puntuación máxima que se poda acadar neste apartado será de **3,50 puntos**.

Consistirá na realización dun exercicio tipo test. O exame constará de 14 preguntas con 4 respostas alternativas. Cada resposta acertada vale 0,25 puntos. Por cada resposta errada descontarase -0,10 puntos. Non puntuán as preguntas que queden sen contestar.

- ___ Temario para a proba de actitude e coñecementos:

TEMARIO COMUN PARA OS MONITORES DE ALBANELARÍA, XARDINARÍA E ATENCIÓN SOCIO-SANITARIA EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS.

Tema 1.- Prevención de riscos laborais.

Tema 2.- Seguridade e saúde no traballo.

Tema 3.- Igualdade entre mulleres e homes.

Tema 4.- Cuestión básicas e prácticas do posto a desenvolver.

Tema 5.- Normativa dos obradoiros duais de emprego.- Orde da convocatoria e normativa que a regula.

Tema 6.- Certificados de profesionalidade. Aspectos básicos, normativa, e requisitos.

Tema 7. Coñecementos específicos dos certificados a impartir: EOCB0209, AGAO0208 e SSCS0208

TEMARIO PARA A PRAZA DE ADMINISTRADOR/A

Tema 1.- Cuestión básicas e prácticas do posto a desenvolver (ver funcións do posto de traballo do administrador, apartado 3.2. destas bases)

Tema 2.- Normativa dos obradoiros duais de emprego.- Orde da convocatoria e normativa que a regula.

Tema 3.- Certificados de profesionalidade. Aspectos básicos, normativa, e requisitos.

Tema 4.- Iniciación á informática.

Tema 5.- Orientación laboral e busca de emprego, para acadar a inserción laboral.

Tema 6.- Confección de datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos

SIXTA.- OFERTA DE EMPREGO. -

Unha vez constituído o grupo de traballo e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van a participar no obradoiro de emprego, realizarase convocatoria pública mediante exposición no taboleiro da Oficina de Emprego de Chantada, así como no taboleiro de anuncios e no portal de emprego da páxina web do Concello de Chantada, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

CONVOCATORIA PÚBLICA DE 1 MONITOR/A DE ALBANELARÍA.

- Número de postos: 1
- Ocupación: Monitor/a de albanelaría.





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

- Requisitos: según bases.

CONVOCATORIA PÚBLICA DE 1 MONITOR/A DE XARDINARÍA.

- Número de postos: 1
- Ocupación: Monitor/a de xardinaría.
- Requisitos: según bases.

CONVOCATORIA PÚBLICA DE 1 MONITOR/A DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS.

- Número de postos: 1
- Ocupación: Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais.
- Requisitos: según bases.

CONVOCATORIA PÚBLICA DE 1 ADMINISTRADOR/A.

- Número de postos: 1
- Ocupación: Administrador/a.
- Requisitos: según bases.

Se o grupo de traballo así o acordase, despois de efectuadas as actuacións que estime oportunas poderá darlle publicidade a dita convocatoria pública mediante a súa exposición nos taboleiros dos Concellos de Taboada e Carballedo.

Os/As interesados/as presentarán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como **Anexo II** destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será de 3 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación na páxina Web do Concello de Chantada.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Deberán acompañar coa solicitude a documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os seus méritos.

A selección terá lugar o día 19 de maio de 2026 na Casa do Concello de Carballedo.

- **11:00 horas. Administrador/a**
- **13:00 horas. Monitor/a de albanelaría**

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

- 13:00 horas. Monitor/a de xardinaría
- 13:00 horas. Monitor/a de atención sociosanitaria en institucións sociais.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos e na realización dunha proba de aptitude e/ou coñecementos.

A tal fin, e de conformidade co previsto na base 6ª, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo grupo de traballo.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base 5ª. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita **valoración de méritos é de ata 7,50 puntos.**

A continuación da avaliación dos méritos, e no mesmo acto, o grupo de traballo procederá a realización dunha **proba de aptitude e/ou coñecementos** a cada un dos aspirantes coa finalidade de coñecer súas destrezas profesionais e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado. A puntuación máxima que se pode acadar pola proba de aptitude e/ou coñecementos será de **ata 3,50 puntos.**

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na proba de aptitude e/ou coñecementos, e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes, para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Finalmente, serán obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web as puntuacións finais dos declarados aptos, o nome do candidato proposto para ser contratado, e a lista de reserva.

OITAVA.- ADMISIÓN.-

A entidade promotora estará obrigada a contratar a persoa que sexa proposta polo grupo de traballo atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación, certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego, e declaración xurada de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propoñerá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

NOVENA.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.-

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o grupo de traballo para a selección, no prazo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación das actas no taboleiro de anuncios do Concello de Chantada, e serán resoltas polo grupo de traballo, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DAS BASES.-

Estas bases deberán ser expostas ao público no taboleiro da Oficina de Emprego de Chantada, no taboleiro de anuncios e no portal de emprego da páxina web do Concello de Chantada, así como nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Taboada e Carballedo.

ANEXO II - MODELO DE INSTANCIA.-

D/D^a..... con de D.N.I. nº.....

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

con enderezo en núm. piso.....

C.Postal..... Localidade..... Municipio.....

Provincia..... Teléfono /móbil..... /

Correo electrónico.....

Enterado/a das bases para a selección de persoal para o **Obradoiro de Emprego SERRA DO FARO X** para o **posto de: (sinalar o que proceda)**

- Administrador/a
- Monitor/a de Albanelería
- Monitor/a de Xardinería
- Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a a dito procedemento, e comprométo-me a someterme ás bases que o regulan.
- 3º.- Que autorizo á entidade promotora do obradoiro para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que deben observarse nos procedementos de selección.
- 4º.- Que adxunto a esta instancia a relación de méritos que se xustifican e a súa acreditación.

Chantada, de de 2026.

Asdo.:

Xunto coa instancia (Anexo II) deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do carné de conducir, no caso de dispoñer do mesmo.

Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles (orixinal ou copia compulsada):

-
-
-
-
-
-

(de ser necesario, pode continuar en folla aparte)

GRUPO DE TRABAJO PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "SERRA DO FARO X"

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org

